



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Dirección Xeral de Educación, Formación  
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela

**CIRCULAR 6/2009, DA DIRECCIÓN XERAL DE  
EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E  
INNOVACIÓN EDUCATIVA, POLA QUE SE DITAN  
INSTRUCCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN E O  
FUNCIONAMENTO DOS CONSERVATORIOS  
SUPERIORES DE MÚSICA DE GALICIA**



## **ÍNDICE**

|                                                                 |           |
|-----------------------------------------------------------------|-----------|
| Introdución                                                     | Páxina 3  |
| <b>1. DOCUMENTOS ORGANIZATIVOS E PEDAGÓXICOS</b>                |           |
| 1.1 Plan anual                                                  | Páxina 4  |
| 1.2 Horario Xeral do centro                                     | Páxina 4  |
| 1.3 Documento de organización de centro                         | Páxina 4  |
| 1.4 Proxecto de orzamento do centro                             | Páxina 4  |
| 1.5 Os programas docentes                                       | Páxina 5  |
| 1.6 Memoria anual                                               | Páxina 5  |
| 1.7 Programa anual de activ. complementarias e extraescolares   | Páxina 6  |
| 1.8 Plan anual de activ. para a potenc. do uso da lingua galega | Páxina 6  |
| <b>2. MATRÍCULA E OFERTA EDUCATIVA</b>                          |           |
| 2.1 Oferta de prazas nas diferentes especialidades              | Páxina 7  |
| 2.2 Formalización e ampliación da matrícula                     | Páxina 7  |
| 2.3 Anulación da matrícula por parte do centro                  | Páxina 8  |
| 2.4 Renuncia a matrícula                                        | Páxina 8  |
| 2.5 Convocatorias                                               | Páxina 8  |
| <b>3. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA</b>                                |           |
| 3.1 Materias de conxunto                                        | Páxina 9  |
| 3.2 Materias Optativas e de Libre elección                      | Páxina 9  |
| 3.3 Concerto ou traballo de fin de carreira                     | Páxina 10 |
| 3.4 Tribunais                                                   | Páxina 11 |
| 3.5 Reclamación de cualificacións                               | Páxina 11 |
| 3.6 Movilidade do alumnado                                      | Páxina 11 |
| 3.7 Prácticas de profesorado                                    | Páxina 12 |
| <b>4. PROFESORADO</b>                                           |           |
| 4.1 Departamentos didácticos                                    | Páxina 13 |
| 4.2 Composición dos Departamentos                               | Páxina 14 |
| 4.3 Organización do Departamento de Piano Acompañante           | Páxina 17 |
| 4.4 Xefatura de Departamento                                    | Páxina 18 |
| 4.5 Elección de horarios                                        | Páxina 18 |
| 4.6 Cumprimento do horario do profesorado                       | Páxina 19 |



## **INTRODUCCIÓN**

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece que as ensinanzas artísticas superiores están enmarcadas na educación superior española, que, pola súa vez, se sitúa no Espazo Europeo da Educación Superior (EEES), tal e como o prescribe explicitamente, para os efectos da súa regulación curricular, da súa ordenación académica e da súa avaliación, o artigo 46, apartado 2, da citada Lei. Igualmente no artigo 54.3 se establece a equivalencia a todos os efectos do título superior de música e de danza ao título universitario de licenciado ou de grao equivalente.

De conformidade ao que se establece no artigo 2 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, no que se establece que os conservatorios de música se rexerán polo devandito regulamento e polas normas singulares que demanden as súas peculiaridades organizativas.

A necesidade de adaptación dos Conservatorios superiores de Música ao novo marco europeo de educación superior, fai necesario que sexan definidas e organizadas nun nivel de concreción máis alto as peculiaridades antes citadas.

En consecuencia, e co obxecto de desenvolver aspectos organizativos dos conservatorios superiores de música en tanto non se publica a normativa básica do Ministerio de Educación e o Regulamento Orgánico específico destes centros, esta dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa dita as seguintes instrucións:



## **1. DOCUMENTOS ORGANIZATIVOS E PEDAGÓXICOS**

### **1.1. Plan Anual**

O plan anual recollerá os obxectivos específicos que o centro se propón conseguir no curso académico, ás medidas que se van desenvolver para a súa consecución e os recursos con que conta para levalas a cabo. O plan anual remitirase á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a través do Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 30 de setembro.

### **1.2. Horario xeral do centro**

1.2.1 O horario xeral do centro permitirá a realización de todas as actividades lectivas e complementarias que se establezan na programación anual, e deberá especificar:

- Horario lectivo do centro.
- As horas nas que estarán dispoñibles para o alumnado os servizos e as instalacións do centro.
- As horas en que o centro permanecerá aberto, ao dispor da comunidade escolar, dentro ou fóra do horario lectivo.
- O horario de verán.

1.2.2 A dirección do centro, oído o claustro, propondrá ao consello escolar durante o mes de xuño o horario xeral do curso seguinte para a súa aprobación. O director ou a directora do conservatorio comunicará ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente antes do 10 de xullo, o horario xeral aprobado polo consello escolar para o curso seguinte.

1.2.3 Como norma xeral, os conservatorios deberán permanecer abertos e ao dispor da comunidade escolar en xornada de mañá e tarde, de luns a venres. Calquera excepcionalidade neste sentido deberá ser aprobada polo xefe/a territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, logo de solicitude motivada da dirección do conservatorio por proposta do consello escolar e previo informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa.

### **1.3 Documento de organización de centros**

Sen prexuízo do envío do Documento de organización do centro (DOC) ao Servizo Provincial de Inspección, cada centro remitirá unha copia do mesmo, na mesma data, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

### **1.4 Proxecto de orzamento do centro**

O proxecto de orzamento do centro será aprobado polo consello escolar despois de supervisar o anteproxecto de orzamento elaborado pola dirección do centro. A elaboración farase de acordo co disposto no *Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios (DOG do 4 de abril)*. O proxecto de orzamento do



centro deberá recoller tanto as achegas económicas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como as que se prevexan obter como recursos complementarios aos que se refire o artigo 117 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, a través das accións previamente autorizadas polo Xefe territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo co disposto no artigo 118 do citado decreto.

## **1.5 Os programas docentes**

1.5.1 Cada profesor ou profesora elaborará para cada disciplina que imparta, un Programa Docente elaborado polo Departamento aos efectos dos contidos mínimos a incorporar ao mesmo.

1.5.2 Cada Programa docente incluírá os seguintes apartados:

- Datos de identificación e carácter da materia en tanto sexa troncal, obrigatoria de especialidade, optativa, de libre elección, etc.
- Descritor da materia
- Obxectivos
- Contidos
- Metodoloxía didáctica
- Ferramentas, criterios e modelos de avaliación
- Bibliografía e materiais

1.5.3 Os programas docentes serán supervisados polo xefe/a do departamento e finalmente validados pola dirección. Os programas docentes serán depositados na xefatura de estudos, que remitirá copia dos mesmos ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente. O/A profesor/a deberá entregar a cada alumno/a unha copia do seu programa docente.

## **1.6 Memoria Anual**

1.6.1 A dirección do centro establecerá un calendario que permita a avaliación da programación anual e do seu grao de cumprimento, por parte do consello escolar, do claustro e do equipo directivo. As conclusións máis relevantes serán recollidas polo equipo directivo nunha memoria que se remitirá antes do 10 de xullo ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente, que a súa vez remitirá unha copia da mesma á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. A memoria anual deberá versar sobre aqueles aspectos que foron aprobados no Plan anual, así como recoller as observacións dos diferentes departamentos nos seus graos de consecución, entre os que figurarán entre outros:

- Datos do centro
- Obxectivos programados polo centro
- Obxectivos acadados polo centro
- Actividades complementarias desenvolvidas polos departamentos
- Actividades xerais desenvolvidas polo centro



- Estatísticas de promoción do alumnado

### **1.7 Programa anual de actividades complementarias e extraescolares**

- 1.7.1 Considéranse actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñan carácter diferenciado, polo momento, o espazo ou os recursos que se utilizan. Así, cabe considerar as visitas a outros centros, congresos, funcións escénicas, conmemoracións e outras semellantes.
- 1.7.2 Considéranse actividades extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro, entidades sen ánimo de lucro, asociacións culturais, etc., se realicen fóra de horario lectivo.
- 1.7.3 Segundo o establecido no apartado b) do artigo 66 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, o programa anual de actividades complementarias e extraescolares será elaborado polo vicedirector ou a vicedirectora, na súa condición de xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares. A súa elaboración farase durante o mes de setembro, tendo en conta o disposto no dito apartado.
- 1.7.4 O programa anual de actividades complementarias e extraescolares incluírá as relacións secuenciadas e temporalizadas de:
- As actividades complementarias que se vaian realizar.
  - As actividades extraescolares de carácter cultural que se realicen en colaboración cos diversos sectores da comunidade educativa ou en aplicación de acordos con outras entidades.
  - As actividades artísticas que se vaian celebrar dentro ou fóra do recinto escolar.
  - A organización, o funcionamento e o horario da biblioteca, da fonoteca e da videoteca do centro.
  - A participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares é voluntaria, agás as actividades complementarias realizadas no centro. En todo caso, estas actividades non se poderán realizar en detrimento das actividades inherentes ao currículo oficial.

### **1.8 Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega**

- 1.8.1 Segundo o establecido no punto 4 do artigo 8.3 do Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria, o plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega será elaborado polo equipo de normalización lingüística. Da súa redacción encargárase o coordinador do equipo de normalización lingüística e nel recollerase a relación secuenciada e temporalizada de actividades programadas para o curso, concretando os obxectivos previstos tanto no plan xeral para o uso do idioma como no plan específico para potenciar a presenza da realidade galega que forman parte do proxecto curricular da escola.



1.8.2 Os aspectos económicos do plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega serán recollidos polo coordinador do equipo de normalización lingüística nun anteproxecto económico, que constará de dúas partes:

- A primeira parte fará referencia ao período inicial do curso ata o mes de decembro, e nela terase en conta o orzamento anual xa aprobado.
- A segunda parte, que será sometida á consideración da dirección co fin de que a inclúa, se procede, no seu anteproxecto de orzamento do centro, recollerá as actividades previstas desde xaneiro ao final de curso e terá en conta a estimación económica que o equipo directivo estableza con base nas previsións económicas do orzamento do ano seguinte.

## **2. MATRÍCULA E OFERTA EDUCATIVA**

### **2.1 Oferta de prazas nas diferentes especialidades**

Tendo en conta o disposto no artigo primeiro.1, no anexo IV e na disposición adicional da *Resolución do 10 de marzo de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o procedemento para o acceso á docencia en diversas especialidades nos conservatorios superiores de música*, os centros ofertarán o número de prazas vacantes en función da dispoñibilidade de recursos humanos que teñan asignados. Ao efecto de garantir unha axeitada coordinación da oferta entre os dous Conservatorios Superiores da Comunidade Autónoma, a oferta de vacantes será autorizada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, previo informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa. A tal efecto os centros deberán comunicar a dito servizo e coa suficiente antelación a proposta de vacantes para o seu informe e autorización.

### **2.2 Formalización e ampliación da matrícula**

- 2.2.1 O alumnado deberá formalizar matrícula en cada curso, cando menos, nas materias de rateo 1/1, 1/2, e nas de conxunto. Asemade, deberá matricularse, como mínimo, do 50% das materias troncais.
- 2.2.2 A matrícula realizarase por materia e curso, non podendo o alumnado matricularse da mesma materia en máis dun curso. O alumnado que queira promocionar de curso na mesma materia, farao polo procedemento de “ampliación de matrícula”.
- 2.2.3 O alumnado poderá solicitar, ata o mes de febreiro, “ampliación de matrícula” naquelas materias nas que os contidos permitan a realización de máis dun curso no mesmo ano académico. Correspóndelle á Comisión de Coordinación Pedagóxica a concesión das solicitudes presentadas, para as que cumprirá o informe favorable do profesor ou da profesora responsable da materia correspondente.
- 2.2.4 Cando o/a alumno/a amplie a matrícula ao curso seguinte, entenderase superada a materia precedente a ampliación, cuantificándose a mesma como unha única matrícula.



## **2.3 Anulación da matrícula por parte do centro**

- 2.3.1 Se unha vez iniciadas as actividades lectivas, e antes do 31 de outubro, se observase unha falta continuada de asistencia de determinados alumnos ou alumnas as mesmas, o centro requiriralles por escrito a súa inmediata incorporación nun prazo máximo dunha semana, e comunicaralles que, en caso de non se producir esta, bardante causa debidamente xustificada, se procederá á anulación da súa matrícula. Para estes efectos terase en conta un período de tres semanas como falta continuada de asistencia. A praza vacante será cuberta polo alumnado en lista de espera. A anulación da matrícula non implicará a devolución dos prezos públicos aboados.
- 2.3.2 A anulación da matrícula con anterioridade ao 31 de outubro de cada curso académico non computará para efectos de convocatorias consumidas.

## **2.4 Renuncia á totalidade da matrícula**

- 2.4.1 O alumnado poderá solicitarlle á dirección do centro a renuncia á totalidade da matrícula ata o 15 de decembro. Esta será aceptada sempre e non implicará a devolución dos prezos públicos aboados.
- Non obstante, e en relación ao parágrafo anterior, poderase aceptar a renuncia fóra desta data nos seguintes casos:
- Doenza prolongada de carácter físico ou psíquico, tanto do alumno ou da alumna como de familiares ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
  - Incorporación a un posto de traballo mediante un contrato de duración superior a dous meses, nun horario incompatible coas ensinanzas do ciclo.
  - Obrigas de tipo familiar ou persoal que impidan a normal dedicación ao estudo.
- 2.4.2 A renuncia total a matrícula efectuada antes do 15 de decembro suporá a perda da condición de alumno oficial, agás nos supostos antes citados.

## **2.5 Convocatorias**

- 2.5.1 Non se admitirá a matrícula cando se esgotaran nalgunha materia as catro convocatorias correspondentes.
- 2.5.2 As convocatorias ás que se refire o parágrafo anterior computaranse sucesivamente, entendéndose esgotadas sempre que o alumnado se matriculara, aínda que non se presentara ao exame. A estes efectos, o alumnado que, sendo convocado a exame na convocatoria extraordinaria e non compareza a mesma cualificarase co termo “non presentado”.
- 2.5.3 No caso de alumnos e alumnas que cursen máis dunha especialidade, suporá a perda do dereito a continuar os estudos conducentes á especialidade da que a dita materia fose específica, ou ás restantes, de ser común.
- 2.5.4 Os alumnos e alumnas que teñan esgotadas as catro convocatorias poderán solicitar ata o 15 de setembro, ante a dirección do centro, unha convocatoria extraordinaria por circunstancias especiais que deberán xustificar. Os centros



remitirán ditas solicitudes xunto co informe da xefatura de estudos co visto e prace da dirección, antes do 15 de outubro, á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, que resolverá según proceda.

- 2.5.5 A renuncia ás convocatorias de materias soltas poderase solicitar tanto para a convocatoria ordinaria como a extraordinaria; no caso da ordinaria ata o 31 de marzo e no caso da extraordinaria ata o 15 de xullo. Este tipo de renuncias non conlevará a perda da oficialidade da matrícula. Correspóndelle á dirección do conservatorio conceder a anulación de convocatorias, previo informe da xefatura de estudos, que en todo caso deberá ter unha causa que a xustifique.

### **3. ORGANIZACIÓN ACADÉMICA**

#### **3.1 Materias de conxunto**

- 3.1.1 O alumnado poderá solicitar á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en cada curso académico, o recoñecemento de actividades vocais e/ou instrumentais de conxunto, que poderán ser recoñecidas por un número de créditos correspondentes ás materias de libre elección.
- 3.1.2 As actividades ás que se refire o parágrafo anterior consistirán na participación por parte do alumnado, como instrumentista ou cantante, en grupos de cámara, orquestras, coros, bandas, etc.
- 3.1.3 A Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa determinará, á vista da documentación presentada polo alumnado e remitida dende os centros, o número de créditos que, de ser o caso, se lle recoñecerán por cada actividade. En todo caso, o número máximo de horas que se poderán validar será de 10 por cada actividade.

#### **3.2 Materias optativas e de libre elección**

- 3.2.1 As materias optativas dos conservatorios superiores de música desenvolveranse consonte ao disposto no Decreto 183/2001, do 19 de xullo, nos seus artigos 8º e 9º e no artigo 7º da Orde do 6 de novembro de 2002, pola que se regula a oferta de materias optativas e de libre elección dos conservatorios superiores de música. Co fin de dar cumprimento ao establecido na normativa vixente, os centros solicitarán antes do remate do mes de xuño anterior ao inicio do seguinte curso académico a autorización da nova oferta de materias optativas á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Esta dirección xeral, previo informe favorable do Servizo Territorial de Inspección Educativa autorizará, no seu caso, a oferta de materias optativas.
- 3.2.2 Como norma xeral as materias optativas do centro terán un rateo mínimo de 10 alumnos e 15 as do catálogo xeral. Calquera modificación neste rateo deberá de estar autorizada pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



- 3.2.3 As materias de libre elección desenvolveranse segundo o establecido no artigo 7.3 do Decreto 183/2001, do 19 de xullo e no artigo 8º da Orde do 6 de novembro de 2002, pola que se regula a oferta de materias optativas e de libre elección dos Conservatorios Superiores de Música.

### **3.3 Concerto ou traballo fin de carreira**

- 3.3.1 O alumnado poderá formalizar a matrícula para a realización do concerto ou traballo fin de carreira unha vez teña superadas todas as materias e créditos da especialidade correspondente. Dita matrícula deberá ser formalizada nun prazo non superior a 20 días hábiles contados a partir da publicación das actas finais da especialidade correspondente.
- 3.3.2 O exame correspondente ao concerto ou traballo fin de carreira celebrárase durante un período de tempo non superior a seis meses contados con posterioridade á matriculación do aspirante na dita proba.
- 3.3.3 O alumnado que non supere o concerto ou traballo fin de carreira poderá presentarse en posteriores convocatorias ata un máximo de catro (duas máximo por ano). En todo caso, os conservatorios abrirán un prazo coa suficiente antelación para a matriculación nesta proba para aqueles alumnos ou alumnas que a teñan pendente.
- 3.3.4 O/a xefe/a de departamento desinará para cada alumno/a matriculado/a no concerto/traballo fin de carreira un/unha profesor/a titor/a que lle prestará asesoramento, orientación e axuda sobre a preparación e desenvolvemento do concerto ou traballo que se trate. O profesorado titor do concerto ou traballo fin de carreira poderá adicar a esta tutoría dúas horas complementarias fixas, en cuxo caso estarán exentos das gardas de biblioteca.
- 3.3.5 As obras ou a temática do traballo deberá estar supervisada polo departamento a través do titor/a do concerto/traballo fin de carreira.
- 3.3.6 Nas especialidades de Musicoloxía e Pedagogía da Linguaxe Musical realizarase un traballo de investigación sobre un tópico da correspondente especialidade, cunha extensión mínima de cen páxinas, en tamaño DIN A-4 con letra arial 12 puntos a dobre espazo, sen contar coas referencias bibliográficas e os títulos. O alumnado disporá de seis meses dende a súa matriculación para depositar o traballo na secretaría do centro. O traballo será defendido diante do tribunal constituído a tal efecto.
- 3.3.7 Os aspirantes que se presenten ao concerto ou traballo fin de carreira, poderán preparar o mesmo cos pianistas acompañantes do centro. Corresponderalle a cada centro, a través da xefatura de estudos, a organización do tempo dispoñible dos profesores pianistas acompañantes.
- 3.3.8 Os concertos fin de carreira poderán ser recollidos en soportes dixitais de audio. En calquera caso, as gravacións obtidas quedarán perfectamente identificadas, catalogadas e arquivadas aos efectos de atender calquera reclamación.



### **3.4 Tribunais**

3.4.1 A constitución dos tribunais que se requiren para a realización dos diferentes exames e actos académicos que se recollen na presente Circular estará suxeita ás seguintes consideracións xerais:

- O/A presidente/a será designado/a polo/a director/a do centro, oído o departamento ao que estea adscrita a materia correspondente.
- Os/As vocais serán designados/as polo/a director/a do centro, oído o departamento ao que estea adscrita a materia correspondente.
- O número de membros será sempre impar, con un mínimo de tres e un máximo de cinco, actuando como secretario/a o/a vocal de menor antigüidade.
- Todos os exames e actos académicos de carácter práctico que estean presididos por un tribunal terán carácter público.
- A convocatoria de todos os exames e actos académicos que estean presididos por un tribunal deberá ser feita pública cun mínimo de quince días hábiles de antelación.
- As cualificacións dos exames de carácter práctico que se realicen diante dun tribunal, deberán facerse públicas con carácter inmediato unha vez finalizadas. No caso de exames de carácter teórico, as cualificacións faranse públicas nun prazo non superior a unha semana con posterioridade á súa realización.

### **3.5 Reclamacións de cualificacións**

Nas reclamacións de cualificacións finais, actuarase segundo o establecido no artigo 10 da Orde do 24 de xullo de 1991 (DOG do 28 de agosto).

Non obstante o anterior, cando se trate de probas realizadas diante dun tribunal, a dirección do centro poderá solicitar deste os informes que considere oportunos para a resolución das eventuais reclamacións presentadas.

### **3.6 Movilidade do alumnado**

3.6.1 O alumnado que iniciara os seus estudos do grao superior noutra Comunidade Autónoma e se traslade á Comunidade Autónoma de Galicia, deberá cursar as materias correspondentes aos cursos xa superados por eles que non se adapten ao currículo desta Comunidade Autónoma, establecido no Decreto 183/2001 do 19 de xullo (DOG do 13 de agosto).

3.6.2 Non obstante ao anterior, dito alumnado poderá solicitar a validación de materias que teña superadas no centro de orixe, por aquelas do currículo desta Comunidade Autónoma que teñan relación directa ou sexan de contido análogo no seu deseño curricular. A tal efecto, deberán presentar unha solicitude no centro de acollida xunto coas programacións das materias superadas.

3.6.3 Os centros remitirán ditas solicitudes á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa co obxecto de que autorice as



validacións que correspondan.

- 3.6.4 Ditas validacións deberán de ser engadidas nun anexo ao expediente do alumnado, que asinará o secretario do centro, co visto e prace do director. Así mesmo, xuntarase ao expediente do alumno ou alumna toda a documentación relativa ás validacións (solicitud do alumnado, programación do centro de orixe, informe da xefatura de estudos, etc.).
- 3.6.5 As materias cursadas no centro de orixe que non sexan validables por ningunha das materias que figuran no currículo da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán ser obxecto de recoñecemento como créditos de materias de libre elección.
- 3.6.6 En calquera caso, sempre será esixible, cando menos, que o alumnado trasladado teña cursado o número de horas mínimas que dispón o Real Decreto 617/1995, do 21 de abril, polo que se establecen os aspectos básicos do currículo do grao superior de música.
- 3.6.7 O alumnado que veña trasladado doutras Comunidades Autónomas e teña cursadas materias optativas e/ou de libre elección, seranlles recoñecidas como tales, sen ter que quedar sometidas ao procedemento descrito anteriormente.

### **3.7 Prácticas de profesorado**

- 3.7.1 O alumnado que curse terceiro ou cuarto curso do grado superior da especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical deberá realizar as prácticas de profesorado nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria polo total de créditos correspondentes ao curso no que estea matriculado.
- 3.7.2 Para realizar ditaa prácticas, o alumnado solicitará, por escrito no mes de setembro e ante a dirección do centro no que desexa realizar as prácticas, a admisión como alumno/a en prácticas do departamento de Linguaxe musical, utilizando o modelo de formulario que figura no Anexo I a esta circular, e adxuntando unha copia do resguardo da matrícula no CSMUS.
- 3.7.3 As prácticas estarán coordinadas polo xefe do departamento de Linguaxe musical, que realizará as funcións de titor de prácticas e se encargará da organización e seguimento das mesmas. As prácticas seranlle asignadas preferentemente aos profesores funcionarios de carreira pertencentes á especialidade de Linguaxe musical que previamente mostrasen a súa dispoñibilidade para aceptar alumnado en prácticas.
- 3.7.4 A certificación da realización das prácticas corresponderalle ao xefe/a do departamento de Linguaxe musical, á vista do informe elaborado polo profesor/a titor/a, utilizando o modelo de formulario que figura nos anexos II e III.
- 3.7.5 A cualificación final corresponderalle ao/a xefe/a do departamento de Pedagogía da linguaxe e da educación musical do conservatorio superior no que estea matriculado o/a alumno/a, vista a certificación remitida polo conservatorio profesional, e logo de valorar a correspondente memoria das prácticas. O alumnado deberá entregar dita memoria ao xefe deste departamento ao remate do curso académico.



- 3.7.6 A memoria deberá recoller, como mínimo, a descrición das actividades realizadas no periodo de prácticas así como quince unidades didácticas dunha materia relativa a un curso académico relacionada coa especialidade motivo das prácticas.
- 3.7.7 As prácticas poderán ser validadas no caso de que o alumnado acredite que desenvolveu a función docente na especialidade obxecto das prácticas nun conservatorio profesional dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, por un período mínimo dun curso académico. Correspóndelle á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa resolver ditas validacións, que deberán ser tramitadas polo conservatorio superior de música a petición do interesado.

## **4. PROFESORADO**

### **4.1 Departamentos didácticos**

- 4.1.1 No Anexo I da precitada Resolución de 10 de marzo de 2008, establecíanse os requisitos de especialidade de procedencia, perfís de competencia docente, e requisitos de titulación específicos, que concretaban para cada caso o criterio xeral de adecuación entre a praza á que se concursaba e as materias nas que o docente seleccionado tería a competencia docente.
- 4.1.2 En consecuencia, e ao efecto de organizar a distribución das materias entre os docentes nos conservatorios superiores de música, así como os criterios de composición e organización interna dos departamentos, deberá terse en conta o seguinte:
- a) O profesorado terá competencia docente nas respectivas especialidades e perfís de competencia docente nos que obtivo praza, en virtude do concurso convocado pola citada Resolución de 10 de marzo de 2008 da Secretaría Xeral.
  - b) Cada profesor/a poderá impartir todas as materias que están adscritas ao departamento ao que pertence, o que deberá terse en conta para a correcta planificación da docencia, sen prexuízo da obriga de cubrir prioritariamente a docencia da propia especialidade ou “perfil de competencia docente” polo que foi seleccionado, e sen prexuízo do que se establece nos puntos seguintes.
  - c) De acordo co criterio de especialización exposto, o profesorado de piano que resultou seleccionado polo “perfil de competencia docente” de Piano, segundo se recollía no Anexo III da Resolución de 10 de marzo, e que figura no Anexo da Resolución de 25 de agosto (DOG do 2 de setembro), terá prioridade para a impartición das materias propias da especialidade de Piano tal e como se detalla a continuación, sobre o profesorado que resultou seleccionado polo “perfil de competencia docente” de Piano Complementario, ata completar o seu horario lectivo.
  - d) Segundo o establecido no Anexo I da Resolución do 10 de marzo, o profesorado que accedera á especialidade de Piano realizará tamén, se é o caso, as funcións de pianista acompañante.



- e) Segundo se establece no Anexo I da citada Resolución de 10 de marzo de 2008, os docentes procedentes das especialidades de Composición, Historia da Música e Pedagogía, que resultaron seleccionados, responden a dous perfís diferenciados, tal e como se establecía de xeito explícito na convocatoria e no procedemento do concurso, sendo o criterio diferencial a posesión ou non da titulación específica da especialidade á que se adscriben mediante concurso. En consecuencia co anteriormente citado, a competencia docente para estas especialidades establécese do seguinte xeito:
  - i. Os/as profesores/as procedentes das especialidades de Fundamentos de Composición, Historia da Música e Linguaxe Musical, que foron adscritos mediante o citado concurso ás especialidades de Composición, Musicoloxía e Pedagogía, tal e como se recolle nas listas 5, 11 e 13 respectivamente da Resolución de 25 de agosto de 2008, que cumpren co requisito de titulación específica recollido na columna C do Anexo I da Resolución de 10 de marzo de 2008, e que obtiveron praza polo perfil de competencia docente de todas as materias da especialidade respectiva, terán competencia docente prioritaria en todas as materias propias das especialidades respectivas ás que foron adscritos.
  - ii. Os/as profesores/as procedentes de calquera especialidade que non cumpren co requisito de titulación específica establecido na columna C do Anexo I da Resolución de 10 de marzo de 2008, e que foron adscritos ao perfil de competencia docente de “materias troncais (MT)” comúns ás diferentes especialidades, terán competencia docente prioritaria nestas “materias troncais”, e só poderán impartir materias propias das especialidades, no caso de non cubrir a súa carga lectiva con estas “materias troncais”, ou con outras funcións que se lle asignen dentro do Documento de Organización do Centro.
- f) Afinidade dalgunhas materias do currículo aos distintos perfís profesionais:
  - i. Para a impartición do instrumento principal da especialidade de Instrumentos da Música tradicional e popular, terá prioridade o profesorado que posúa a titulación superior da especialidade ou o título profesional de Gaita que regula o Decreto 253/1993, do 29 de xullo ou o Decreto 203/2007, do 27 de setembro.
  - ii. Para impartir as materias propias desta especialidade, agás a do instrumento principal, terá prioridade o profesorado adscrito á especialidade de Musicoloxía, con titulación específica e pertencente á lista 11 da Resolución de 25 de agosto de 2008 da Secretaría Xeral.

## **4.2 Composición dos Departamentos**

4.2.1 A configuración dos distintos departamentos didácticos nos conservatorios superiores de música, así como as materias que os integran, son as seguintes:

a. Departamento de Vento-madeira

Frauta; Óboe; Clarinete; Fagot; Saxofón; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de vento-madeira; Repertorio orquestral; Historia das



diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de vento-madeira; Música de cámara/conxunto, Improvisación e acompañamento; Repentización.

**b. Departamento de Vento-metal**

Trompa; Trompeta; Trombón; Tuba; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de vento-metal; Repertorio orquestral; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de vento-metal; Música de cámara/conxunto, Improvisación e acompañamento; Repentización.

**c. Departamento de Percusión**

Percusión; Repertorio orquestral; Música de cámara/conxunto, Improvisación e acompañamento; Repentización.

**d. Departamento de Corda**

Violín; Viola; Violoncello; Contrabaixo; Evolución estilística do repertorio dos instrumentos de corda; Repertorio orquestral; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas dos instrumentos de corda; Música de cámara/conxunto, Improvisación e acompañamento; Repentización.

**e. Departamento de Guitarra**

Guitarra; Evolución estilística do repertorio guitarrístico; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas da Guitarra; Música de cámara/conxunto; Notación, tablatura e ornamentación; Transcrición, Improvisación e acompañamento; Repentización.

**f. Departamento de Pedagogía**

Didáctica da música; Fundamentos da técnica do movemento; Didáctica da educación musical; Didáctica da linguaxe musical; Didáctica do conxunto instrumental; Psicopedagogía; Prácticas de profesorado.

**g. Departamento de Piano**

Piano; Evolución estilística do repertorio pianístico; Historia das diferentes escolas e/ou sistemas do piano; Música de cámara/conxunto, Improvisación e acompañamento; Repentización e Piano acompañante.

**h. Departamento de Piano acompañante**

Piano acompañante

**i. Departamento de Canto**

Canto; Italiano; Alemán; Francés; Inglés; Repertorio liederístico; Repertorio operístico e zarzuelístico; Repertorio de oratorio; Escena lírica; Técnica corporal; Educación vocal.

**j. Departamento de Música tradicional e popular**

Instrumento principal; Danza tradicional e popular galega; Música tradicional e popular galega; Traballo de campo; Metodoloxía da investigación etnomusicolóxica; Historia da etnomusicoloxía e Conxunto; Música española tradicional e popular; Música tradicional doutras culturas.

**k. Departamento de Composición**

Composición; Práctica harmónico-contrapuntística; Harmonía; Contrapunto; Análise; Análise xeral; Análise do século XX; Instrumentación e orquestración; Fundamentos de electroacústica e informática musical;



Composición con medios audiovisuais; Taller de composición, Harmonización e arranxos e Piano complementario.

l. Departamento de Orquestra

Orquestra; Coro; Concertación; Coro de cámara; Música de cámara; Dirección coral e instrumental.

m. Departamento de Musicoloxía

Historia da música; Organoloxía; Historia da música antiga e medieval, Historia da música moderna e contemporánea; Metodoloxía da investigación musicolóxica; Música de tradición oral; Arquivística e biblioteconomía; Socioloxía da música; Canto gregoriano; Notación, Cultura latina; Iconografía musical.

n. Departamento de Procedementos auditivos e instrumentais

Educación auditiva; Práctica auditiva; Piano complementario; Improvisación e acompañamento; Repentización; Redución de partituras; Composición aplicada; Harmonización e arranxos aplicada; Improvisación, movemento e danza; Rítmica e improvisación.

o. Departamento de Jazz

Teoría e practica da improvisación; Instrumento principal; Análise da música de Jazz; Educación auditiva de Jazz; Historia do Jazz; Harmonía de Jazz; Composición e arranxos do Jazz.

- 4.2.2. Nos casos de especialidades ou materias non incluídas na anterior relación, a dirección do conservatorio, oído o claustro, propondrá a adscrición das mesmas a un departamento determinado por razóns de afinidade ou de eficacia para a súa integración. Dita proposta deberá ser remitida á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
- 4.2.3. Os/as profesores/as co perfil docente de “materias troncais” descritos no artigo 4.1.2 desta circular, que obtiveron praza polo perfil de competencia docente das materias troncais de “Práctica Harmónico-contrapuntística (MT), Análise (MT), Piano Complementario (MT)”, pertencen ao departamento de Composición.
- 4.2.4. Os/as profesores/as que obtiveron praza polo perfil de competencia docente das materias troncais de “Historia da Música (MT), Organoloxía (MT)”, pertencen ao departamento de Musicoloxía.
- 4.2.5. Os/as profesores/as que obtiveron praza polo perfil de competencia docente das materias troncais de “Educación auditiva (MT), Piano Complementario (MT)” pertencen ao departamento de Procedementos Auditivos e Instrumentais.
- 4.2.6. Sen prexuízo do establecido no punto 4.2.1.n, as materias de Improvisación e acompañamento, e Repentización poderán ser impartidas polos departamentos instrumentais correspondentes.



#### **4.3. Organización do Departamento de Piano acompañante.**

4.3.1 O anexo IV da *Resolución do 10 de marzo de 2008, da secretaría Xeral, pola que se establecía o procedemento de acceso a docencia aos Conservatorios Superiores de Música*, establecía o número de prazas das diferentes especialidades, explicitando que na especialidade de Piano, o profesorado tería atribución de competencia docente, indistintamente, na materia de Piano e na función de Pianista acompañante. En consecuencia, é preciso regular a organización da docencia e atribucións do profesorado que asume as funcións de Pianista acompañante. Deste xeito, e co obxectivo dunha mellor organización do departamento e das funcións do mesmo, compre establecer uns criterios mínimos de organización deste servizo nos conservatorios superiores de música:

- a) Os centros contarán cos recursos de profesorado publicados no Anexo IV da Resolución do 10 de marzo de 2008. Calquera proposta de modificación do cadro de profesorado publicado, deberá de contar coa autorización expresa da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, previo informe do Servizo Provincial de Inspección.
- b) O rateo que se establecerá para estas funcións será como mínimo de 30 minutos semanais por alumno/a no horario lectivo do profesorado que asuma as funcións de Pianista acompañante. Para o anterior, os centros establecerán os criterios de distribución do tempo lectivo, en función das necesidades de organización do traballo do profesorado Pianista acompañante. Pola singularidade do repertorio da especialidade de Canto, os centros poderán establecer un rateo diferente para o acompañamento do alumnado desta especialidade, que no seu caso, non sobrepasará nunca os tempos lectivos establecidos no decreto 183/2001, do 19 de xullo.
- c) A distribución das especialidades a acompañar farase tendo en conta o establecido no punto 4.2.1. desta circular.
- d) Co obxecto de garantir ao alumnado un tempo lectivo de atención académica directa co pianista acompañante, deberase habilitar un rexistro da actividade docente deste alumnado, no que deberá figurar as faltas de asistencia do mesmo.
- e) Asemade, o alumnado que non asista ás actividades lectivas co pianista acompañante non terá dereito á recuperación de ensaios nas datas próximas ás probas ou audicións.
- f) O pianista acompañante non terá obriga de acompañar todas as obras que cada alumno traballa na súa clase individual.
- g) Os alumnos que se examinen en setembro terán dereito a un ensaio antes do exame. Isto será tido en conta ao elaborar os calendarios.



### **4.3 Xefatura de Departamento.**

Para a designación dos xefes/as de departamento, será de aplicación o disposto con carácter xeral no Decreto 324/1996 do 26 de outubro, no seu artigo 74, ademais do disposto no punto seguinte destas instrucións.

- 4.4.1. No caso dos departamentos de Composición, Musicoloxía e Pedagogía, consideraranse prioritariamente as candidaturas a xefe/a de departamento dos docentes que posúan a titulación específica da especialidade, segundo se establecía na columna C do Anexo I da Resolución de 10 de marzo de 2008, e só no caso de non habelas, se considerarán as candidaturas dos docentes que teñan accedido á docencia nestas especialidades polo perfil de “materias troncais”, sen requisito de titulación.
- 4.4.2. No caso do departamento de Música tradicional e popular, consideraranse prioritariamente as candidaturas a xefe de departamento dos docentes que posúan a titulación superior específica propia desta especialidade de Música tradicional e popular, e, no caso de non habelas, as dos docentes que posúan unha das titulacións superiores que outorgan a competencia docente nas materias propias da especialidade de musicoloxía, segundo o descrito no punto 4.1.2.
- 4.4.3. Para a elección da Xefatura de Departamento de Piano acompañante terá prioridade o profesorado que imparta toda a súa docencia neste departamento.

### **4.4 Elección de horarios**

Para a elección de horarios dentro dos respectivos departamentos o criterio básico para a distribución de grupos será a atención ás necesidades pedagóxicas do alumnado (a estes efectos, nas materias de rateo 1/1 considérase 1 alumno=1 grupo). Con esta premisa, é conveniente que a elección de grupos se realice con criterios de equidade e mutuo acordo. No caso extremo de non se dar este acordo a elección realizarase do seguinte xeito:

- a) Os profesores e as profesoras irán elixindo, en sucesivas roldas, un só grupo de alumnos ou alumnas da materia que desexen impartir. Estas roldas repetiránse O establecido no parágrafo anterior non será de aplicación dentro dos departamentos que están agrupados por familias instrumentais, no suposto da existencia dun só profesor ou profesora por especialidade instrumental.
- b) Aos efectos de consideración da antigüidade, en calquera procedemento no que esta sexa tida en conta como criterio de prelación entre docentes, deberá terse en conta que a antigüidade de tódolos docentes nomeados ao amparo da Resolución do 25 de agosto de 2008 da Secretaría Xeral, é a mesma. En consecuencia, o criterio de antigüidade, será substituído polo da orde de puntuación acadada polos concursantes en cada un dos “perfiles de competencia docente”, e listas correspondentes, tal e como se recollen no Anexo da citada Resolución de 25 de agosto de 2008.
- c) Na medida das posibilidades de organización de cada centro, e atendendo sempre a necesidades pedagóxicas, facilitarase a continuidade do alumnado



que así o solicite expresamente co profesorado que xa lles impartira docencia no curso anterior.

#### **4.5 Cumprimento de horario do profesorado**

- 4.5.1 A xornada laboral do funcionariado docente será a establecida con carácter xeral para o funcionariado público, axeitada acorde co disposto na Orde do 1 de setembro de 1987 (DOG do 11 de setembro), da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- 4.5.2 Os profesores e as profesoras deberán incorporarse ao centro o día 1 de setembro e cumprir a xornada establecida na orde citada no punto anterior, dende esa data ata o 30 de xuño. Comezadas as actividades lectivas e ata o seu remate, o horario semanal distribuirase de acordo co previsto na dita orde e coas especificacións recollidas nos puntos seguintes.
- 4.5.3 O horario semanal individual de cada profesor ou profesora deberá incluír e concretar os períodos lectivos (de docencia directa) e as correspondentes horas complementarias fixas, que terán o carácter de lectivas para os efectos de faltas de asistencia e permisos.
- 4.5.4 As horas complementarias fixas distribuiranse do seguinte xeito:
- Dúas horas de atención ao alumnado.
  - Unha hora de atención ao departamento.
  - Dúas horas de garda para atender a biblioteca do centro, ou outras actividades propostas dende a dirección atendendo as necesidades pedagóxicas e organizativas.
- 4.5.5 As restantes horas complementarias, ata completar as trinta de dedicación ao centro, serán computadas mensualmente pola xefatura de estudos por:
- Asistencia a reunións de claustro.
  - Asistencia a sesións de avaliación.
  - Actividades de coordinación pedagóxica.
  - Actividades complementarias co alumnado non recollidas no horario semanal, e actividades extraescolares.
  - Tutoría de profesorado en prácticas (dúas horas á semana durante o período de prácticas).
  - Traballo en equipos docentes de proxectos institucionais nos que participe a escola.
  - Asistencia a actividades de formación programadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou homologadas.
  - Outras actividades relacionadas coa actividade do centro (enquisas e reunións con organismos ou axentes externos, etc.) establecidas na programación xeral do centro, ou que a dirección estime oportunas.
- 4.5.6 As horas de asistencia a claustros e reunións de avaliación son de asistencia obrigatoria, polo que teñen, para os efectos de faltas de asistencia e permisos, a mesma consideración que as horas lectivas.



4.5.7 Nos horarios individuais do profesorado con dereito a redución debe figurar o mesmo número de horas que nos horarios individuais do resto do profesorado. Sempre que as disponibilidades do profesorado do centro o permitan estes profesores dedicarán as horas complementarias a realizar as tarefas da súa responsabilidade. De non ser posible a dirección determinará as prioridades de atención das necesidades do centro, distribuindo as horas complementarias necesarias de forma equilibrada, primeiro entre a xefatura dos departamentos didácticos e despois entre os propios membros do equipo directivo.

Santiago de Compostela, 5 de Agosto de 2009

**O Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**



*[Handwritten signature]*  
**Jose Luis Mira Lema**



**ANEXO I**

Don/dona \_\_\_\_\_, con D.N.I  
\_\_\_\_\_, matriculado no curso 20\_\_/20\_\_, na especialidade de Pedagogía da  
Linguaxe e da educación musical no Conservatorio Superior de música de  
\_\_\_\_\_, solicita ser admitido/a como alumno/a en prácticas no Conservatorio  
Profesional de música de \_\_\_\_\_, durante o curso 20\_\_/20\_\_, no que  
realizará un total de 6 créditos por curso.

Para que así conste aos efectos oportunos, firmo a presente solicitude en  
\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Firma

A/A do Sr./a Director/a do Conservatorio Profesional.



## **ANEXO II**

Don/dona \_\_\_\_\_, xefe/a do Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de música de \_\_\_\_\_, informa que o/a alumno/a \_\_\_\_\_ realizou con aproveitamento as prácticas de profesorado para o \_\_\_\_\_ curso da especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical por un total de seis créditos, respondendo positivamente/negativamente a todas as indicacións do profesor/a titor/a.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_.

Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical do Conservatorio Superior.



### **ANEXO III**

Don/dona \_\_\_\_\_, xefe/a do Departamento de Linguaxe Musical do Conservatorio profesional de música de \_\_\_\_\_, informa que o/a alumno/a \_\_\_\_\_, matriculado no \_\_\_\_\_ curso da especialidade de Pedagogía da linguaxe e da educación musical no CSMUS de \_\_\_\_\_, **NON ACADOU OS OBXECTIVOS PREVISTOS** na realización das prácticas de profesorado realizadas neste conservatorio durante o curso escolar 20\_\_ 20\_\_.

Para que así conste e aos efectos oportunos, asino o presente informe en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_.

Asdo.:

Asdo.:

VºBº do/a Director/a

O xefe/a do departamento

A/A do Xefe/a do Departamento de Pedagogía da Linguaxe e da Educación Musical do Conservatorio Superior.

JLML/JDA/evc